



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia desta mañá vén de aprobar a convocatoria de axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para a **consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia**, por un importe total de **1.872.000 euros**.

Estas axudas teñen como finalidade **incentivar a transferencia de resultados de investigación, de coñecemento e de capacidades tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos consolidados ao mercado** co fin de acadar un verdadeiro impacto na competitividade das empresas galegas e, así, xerar coñecemento.

Teñen a **consideración de centros tecnolóxicos consolidados** aqueles que figuran inscritos (ou teñan resolución de recoñecemento como centro tecnolóxico ou centro de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal) no **registro regulado no Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro**, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros.

Son **conceptos subvencionables nesta convocatoria**:

- 1.- Custo de persoal investigador ou de apoio
- 2.- Material bibliográfico
- 3.- Material funxible
- 4.- Custos de formación do persoal do centro tecnolóxico
- 5.- Outros gastos ata un máximo do 10% da axuda concedida

O **importe das axudas** determínase en función da **valoración**

dunha serie de indicadores (13 en total) que miden as perspectivas financeira, de resultados e de igualdade dos centros.

Estas axudas están financiadas con cargo ao préstamo que a Administración Xeral do Estado concedeu á Xunta de Galicia a través do Ministerio de Economía e Industria para o desenvolvemento en Galicia da Estratexia Española de Innovación.

Así mesmo, a través desta iniciativa, a Axencia Galega de Innovación leva achegados xa, entre 2013 e 2016, **8 millóns de euros aos centros consolidados**, o que contribúe ao seu funcionamento estable. Este esforzo súmase ao doutros programas para empresas que esixen a contratación de centros, como é o caso do **Conecta pemes e as unidades mixtas de investigación**, nas cales están a cooperar centros e grandes empresas para impulsar en Galicia liñas de I+D punteiras

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).